



2023/ABSS/000006

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 18.12.2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

8.- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVO DO PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE. 2023/ABSS/000006.

Examinado o expediente do contrato de servizo que se menciona na parte dispositiva deste acordo, resultan relevantes os seguintes feitos:

1. Elaborouse o prego de prescricións técnicas do contrato de servizos mencionado na parte dispositiva deste acordo.
2. O Concelleiro responsable da área legal e económica acordou o inicio deste procedemento.
3. Formulouse o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento aberto simplificado.
4. Emitiuse o informe preceptivo do Secretario da Administración Municipal (por delegación da Asesoría Xurídica).

Fundamentos xurídicos

Primeiro.- O artigo 159 da LCSP establece que o procedemento aberto simplificado constitúe un dos procedementos ordinarios para adxudicar os contratos, e en consecuencia pode acudirse a este procedemento neste caso. Así mesmo, deberá publicarse anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

Segundo.- O prego de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente de contratación cumpre coas determinacións establecidas no artigo 122 da LCSP e nos apartados 2 e 3 do artigo 67 do regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, e nel se indica o réxime aplicable a este contrato.

Terceiro.- A competencia para a aprobación do expediente de contratación así como dos pregos é da Xunta de Goberno Local de conformidade cos artigos 117 e apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP.

A vista do exposto, e unha vez que se teñen incorporado ao expediente o correspondente certificado de existencia de crédito orzamentario a expedido pola oficina de contabilidade, e o preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares e o expediente de contratación do contrato cuxos datos se mencionan a continuación:

- DENOMINACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: "CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVO DO PERSOAL DO CONCELLO DE





PONTEVEDRA”.

- ORZAMENTO SEN IVE DO CONTRATO DE SERVIZO: 20.000,00 €
- IVE DO CONTRATO DE SERVIZO: EXENTO
- ORZAMENTO TOTAL DO CONTRATO DE SERVIZO: 20.000,00 €
- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: 2 ANOS.

Segundo.- Aprobar e autorizar o gasto de carácter plurianual que implica o contrato con cargo á aplicación e operación do estado de gastos do orzamento para o exercicio corrente que conste no informe emitido pola oficina de contabilidade e pola Intervención Xeral Municipal; e, en relación ás anualidade posteriores, subordínase o correspondente gasto a existencia de crédito nos respectivos orzamentos de cada ano.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado, e ordenar a publicación de anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

